



OS CABALIÑOS DE MAR

O cabaliño de mar é un dos animais máis curiosos do planeta. Chámase así porque a súa cabeza lembra moitísimo á dun cabalo. Aínda que non o pareza, o cabaliño de mar é un peixe. Un peixe que non ten escamas e nada en posición vertical grazas a unha aleta que ten na parte de atrás do seu corpo.

O seu aspecto é algo extraño. O seu corpo está cuberto por un esqueleto de óso que se aprecia baixo a pel; ademais, ten uns ollos saltóns que, do mesmo xeito que o camaleón, pode mover de forma independente, cada un nunha dirección. Outra curiosidade é que posúe un fociño moi práctico que lle serve para aspirar a súa comida favorita: as larvas, os camaróns e o plancto.

Por certo sabes que é o único animal macho do mundo que pode quedar embarazado! É a femia a que se encarga de poñer os ovos na bolsa que o macho ten no abdome. Tras varios días, ás veces semanas, este expulsa ás crías.



1. Por que se chaman “cabalinos de mar”?
2. Grazas a que nadan os cabaliños de mar en forma vertical?

Nada en posición vertical
grazas a unha aleta que ten
na parte de atrás do seu
corpo.

Nada en posición vertical
grazas ao esforzo que fai ao
nadar.

3. Que tipo de animal é o cabaliño de mar?
4. Quen pode quedar embarazado a femia ou o macho?

5. Escribe V se é verdadeiro ou F se é falso.

- ☐ O cabaliño de mar é un mamífero.
- ☐ O macho é o que queda embarazado.
- ☐ O seu corpo está cuberto de pel.
- ☐ Ten un fociño que lle permite aspirar a comida.
- ☐ Nada igual ca o resto dos peixes.

